

# Universidades novas, bibliotecas novas

**Gerardo Marraud**

Director da Biblioteca Universitaria,  
Universidade de Vigo


A aparición de novos soportes tecnolóxicos tanxibles, como vídeos, disquetes, CD-ROM... non alterou a filosofía de servizo das bibliotecas universitarias, centrada na formación de coleccións de obxectos físicos que se almacenan e conservan organizadamente, e na facilidade de acceso aos mesmos nas propias salas de lectura, ou a través do préstamo. Ao redor desta configuración básica engádense outros servizos, como referencia e información bibliográfica, reprodución de fondos, formación de usuarios, ou préstamo interbibliotecario. Fóra da formación de usuarios, son servizos de consumo individual, adaptados ao enfoque dominante do ensino universitario: unha aprendizaxe repetitiva, de base memorística e avaliación tamén individual. De calquera forma, os usuarios servíronse da biblioteca para outros usos, como espazo de estudo ou lugar de encontro, en principio alleos á carteira de servizos. Uns usos que introducen un factor de distorsión na filosofía bibliotecaria feita de libros e ambiente silencioso, na medida en que os alumnos empregan as bibliotecas para estudar e para desenvolver formas de estudo e aprendizaxe baseadas na interacción con outros.

Hoxe camiñamos cara a un novo paradigma do ensino superior, que segundo Scott, responde a tres características básicas: o paso do ensino á aprendizaxe, a conceptualización do alumno como un cliente e o impacto das tecnoloxías da información e a comunicación. No plano tecnolóxico, sen dúbida, o máis notable son Internet e as tecnoloxías dixitais, debido ás súas

transcendentais repercusións sobre os modos de producir, difundir e utilizar a información académica e científica, e, xa que logo, sobre as formas de aprender (a web 2.0 é un bo e recente exemplo diso).

Estes cambios comezan a alterar a misión das bibliotecas universitarias, de xeito que xa non basta con fornecer libros e espazos para estudar. Do que agora se trata é de proporcionar recursos de aprendizaxe, concepto amplo que ademais dos materiais bibliográficos abrangue tamén espazos de traballo individuais e grupais, equipos informáticos e multimedia, conectividade, acceso a Internet, enerxía eléctrica para conectar os portátiles, axuda experta personalizada, etc.

Todo isto leva consigo a necesidade de transformar a biblioteca nun *information commons*; isto é, nun espazo (físico e virtual), libre e de balde, accesible para todos, que algúns traduciron como “procomún de información”. É verdade que dende hai tempo existen “procomúns” nos campus universitarios (aulas Internet, salas informáticas...), pero a orixinalidade da biblioteca radica en integralos e “mesturalos” coas coleccións e servizos bibliotecarios, e acompañalos da axuda dos bibliotecarios, tanto no emprego das tecnoloxías como dos contidos e recursos de información. Tratar, en definitiva, de conseguir unha utilización eficaz e eficiente do procomún. Ata o momento a maioría das bibliotecas limitaron os usos dos ordenadores que puñan a disposición do público. Así, permitíase buscar no catálogo automatizado da biblioteca, consultar bases de datos e, máis recentemente, ver



e, nalgúns casos, imprimir artigos. Con todo, non se deixaban utilizar os ordenadores da biblioteca como procesadores de texto para escribir traballos de clase, nin manipular datos mediante as follas de cálculo, desenvolver presentacións, consultar o correo electrónico e, aínda menos, “chatear”. Parece como se as bibliotecas estivesen enfocadas ao consumo da información e se desentendesen da produción. Agora semella que as cousas teñen que cambiar.

Dentro da súa condición de procomún de información, as bibliotecas universitarias actúan en dous planos relativos aos seus dous grandes segmentos de usuarios: os alumnos e o PDI (persoal docente e investigador). Con respecto aos investigadores, ese procomún é crecentemente virtual. De feito a contratación de revistas electrónicas fortaleceu o papel da biblioteca na medida en que, a diferenza das coleccións impresas, son recursos que se poden empregar simultaneamente por moitos usuarios. No plano da aprendizaxe, e máis especificamente no que afecta ao alumnado, a biblioteca non só mantén o seu valor como espazo físico,

senón que o enriquece e amplía.

A crecente tendencia a publicar e difundir a información científica e académica vía web está a obrigarnos a utilizar cada vez máis a información dixital. Neste contexto, unha crítica común é a tendencia do alumnado a basearse no que ofrecen os buscadores tipo Google e que, nin todo o que hai en Google é bo, nin todo o bo é de balde. Dende este punto de vista a biblioteca actúa con criterios de calidade ao seleccionar os recursos que, polo xeral, non son gratuítos e son contratados pola propia biblioteca para, no seu papel de procomún, darlles aos usuarios un acceso de balde. En contrapartida, hai que dicir que gratuítos tampouco é sinónimo de baixa calidade como pon de relevo o movemento do *Open Access* que propugna o acceso libre e gratuítos aos contidos científicos e académicos (libros, teses, artigos de revistas, etc.).

De calquera forma, as elevadas esixencias de medios humanos, tecnolóxicos e financeiros que presenta esta renovación da biblioteca, fan que o ritmo da transformación dependa do apoio

que reciba da universidade e, xa que logo, da evolución que a mesma universidade queira acometer na docencia e no ensino. Polo que toca ao alumnado, o peso dos modelos tradicionais de ensino é aínda notable e como tal incide sobre as súas necesidades reais en materia bibliotecaria. Por iso, apurarse e converter as bibliotecas en *information commons*, ou en centros de recursos para a aprendizaxe pode equivaler a “poñer o carro diante dos bois”. En teoría o Espazo Europeo de Educación Superior debe conducir a un novo modelo baseado na aprendizaxe dende un enfoque construtivista. Para levalo a cabo é necesario dotar o alumno de recursos de información, pero tamén de equipamentos tecnolóxicos (*hardware*, *software*, conectividade), de espazos físicos diversificados e de competencias de alfabetización dixital e informacional. As bibliotecas poden facer moito neste terreo, pero primeiro deben ter a seguridade de que os que deciden están dispostos a levar adiante o novo modelo de docencia e de universidade. Como alguén escribiu hai pouco, “*o futuro das bibliotecas universitarias depende do futuro das universidades*”.